

## A voz ergueita do bardo na vangarda

**Isaac Lourido Hermida**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2011 [2005]). “A voz ergueita do bardo na vangarda”. *Grial*: 167, 94-95. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/53>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

LOURIDO HERMIDA, ISAAC (2005). “A voz ergueita do bardo na vangarda”. *Grial*: 167, 94-95.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## A VOZ ERGUEITA DO BARDO NA VANGARDA

[RECENSIÓN DO LIBRO DE OLGA NOVO *UXÍO NOVONEYRA. LINGUA LOAIRA*, 2004]

**Isaac Lourido Hermida**

A literatura galega atópase nun momento de configuración e asentamento do seu campo. Dotada desde hai dúas décadas dos organismos oficiais encargados de puxar pola institucionalización, e inmersa nun proceso errático e complexo de mergullo na economía de mercado, pódese dicir que avanza de forma dubitativa cara á súa autonomía con respecto ao campo literario español. Neste proceso de fortalecemento debe cobrar protagonismo, sen dúbida, a produción dunha bibliografía crítica propia que teña como obxecto de estudo as obras que xorden no campo. No carreiro desta tendencia, Olga Novo dedica este estudo monográfico a Uxío Novoneyra, figura non sempre recoñecida e carente, como tantos dos poetas galegos da segunda metade do século XX, dun suficiente e rigoroso achegamento crítico á súa obra.

*Uxío Novoneyra. Lingua loaira* é por tanto, un produto que a literatura galega demandaba, e que da man de Olga Novo se realiza de [95] forma eficaz e lúcida. Ao longo do estudo, merecedor do XVIII Premio Literario Ánxel Fole, un lector atento da poesía da autora comproba como agroman puntos coincidentes entre as dúas posturas poéticas, momento no que se abandona o ton contido e neutro, que é o xeral na obra, para adoptar unha prosa máis lírica e apaixonada. En ningún caso é un reproche.

O libro está organizado en dúas partes, na primeira das cales se realiza un achegamento á traxectoria poético-vital de Novoneyra, ao fío moitas veces das propias reflexións do poeta, ou de testemuños achegados (nomeadamente, a súa compañeira Elva Rei, e os irmáns Manuel e José Neira Pol). Artéllase este apartado en torno a diversos planos de significación relevantes para a comprensión da práctica creadora do escritor. Á beira dalgúns certamente visíbeis para calquera lector como a influencia dos “saberes do pobo”, a meditación existencial e identitaria ou a relevancia que se lle concede á lingua como arma para a permanencia, xorden outro menos estudados que Olga Novo sinala con acerto. Deste xeito, caracterízase a poesía / vida de Novoneyra como unha busca do Absoluto, posta en relación co taoísmo e coas filosofías orientais. Asemade, sitúase no primeiro plano a súa faceta de “bardo na vangarda”, etiqueta suxestiva na que conviven o ancestral e o contemporáneo, e que se xustifica en composicións como o inesquecível “Vietnam Canto”.

A segunda parte do libro dedícase ao estudo e á reunión da obra dispersa e inédita do poeta do Courel. Trátase dun rigoroso traballo compilatorio e ecdótico, dirixido ao lector especializado ou interesado por afondar no rico e complexo proceso creativo de Novoneyra. Recóllense os poemas publicados en revistas e xornais (tanto galegos como do ámbito hispánico), a miúdo versións de composicións que logo se recolleron en libro. Os textos nunca editados repártense fundamentalmente entre os pertencentes á súa mocidade,

que o autor non considerou dignos de saír á luz, e aquel outros de carácter cívico que enviou a Xesús Alonso Montero para formar parte do volume *Trinta anos de poesía crítica* (1936-1966), nunca impreso ao non superar as redes que un tal Fraga Iribarne tecera contra a liberdade de expresión.

Cómpre reivindicar, neste intre, tanto a figura de Uxío Novoneyra como a da estudosa Olga Novo, que rende unha xusta homenaxe ao autor d' *Os Eidos* con esta obra. Non faltan poetas galegos merecedores da mesma sorte e do mesmo entusiasmo crítico (Luís Pimentel, Xohana Torres, Alfonso Pexegueiro...). Reclámase para eles un camiño aberto.